

Doenzas e  
urxencias comúns:  
CENTROS DE SAÚDE



[www.serviciosanitarios.es](http://www.serviciosanitarios.es)



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE SANIDAD, POLÍTICA SOCIAL  
E IGUALDAD

Casos máis graves:  
HOSPITAIS




CON RESPONSABILIDADE,  
GAÑAMOS EN SAÚDE



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE SANIDAD, POLÍTICA SOCIAL  
E IGUALDAD



**OS RECURSOS PÚBLICOS SON DE TODA A CIDADANÍA. A SANIDADE TAMÉN: DEBEMOS COIDALA E EMPREGALA ADECUADAMENTE PARA QUE POIDAMOS BENEFICIARNOS DELA CANDO O PRECISEMOS.**

■ Na **Atención Primaria** a asistencia sanitaria préstase a demanda, de xeito programado ou urxente, tanto na consulta do centro de saúde ou do consultorio rural como no domicilio do doente, se é preciso.

Estes servizos teñen a suficiente capacidade técnica para abordar integramente os problemas de saúde de presentación frecuente.

■ A **Atención Especializada** préstase, en función das características do paciente e o seu proceso, en consultas externas, en hospital de día e en réxime de internamento hospitalario.


Esta atención presta apoio á asistencia primaria na alta e na hospitalización a domicilio, así como nos cuidados paliativos a doentes terminais.

■ A **Atención de Urgencia** dispénsase naqueles casos nos que cómpre atender o paciente de forma inmediata.

Realízase tanto nos centros sanitarios como fóra deles (domicilio do paciente, urxencias en calquera situación...) durante as 24 horas do día.

A atención de urxencia préstase pola asistencia primaria, os hospitais e os servizos especialmente dedicados a ela.

**Lembra que os centros de saúde de atención primaria ofrecen atención urxente aos casos máis frecuentes e os servizos de urxencia hospitalarios asisten a casos máis graves que requiren atención inmediata.**



**Infórmate no teu Centro de Saúde sobre como actuar en cada situación.**

**CON RESPONSABILIDADE, GAÑAMOS EN SAÚDE**